



XXIX FEIRA DAS MARABILLAS

INFORMACIÓN XERAL

1.- A "XXIX Feira das Marabillas 2025" celébrase do **MÉRCORES 23 Ao DOMINGO 27 DE XULLO 2025** (ambos inclusive). O domingo 20 de xullo colócase a decoración área de rúas e prazas, o luns 21 de xullo iníciase a montaxe nas distintas prazas e o martes 22 de xullo situáranse os postos polo resto das rúas do circuito. A desmontaxe iníciase a partir das 23,00 horas do domingo 27 de xullo 2025

2.- HORARIOS:

Mércores 23 de 11,00 a 14,00 e de 17 a 24,00 horas.
Xoves 24 de 11,00 a 14,00 e de 17,00 a 1,00 horas.
Venres 25 de 11,00 a 14,00 e de 17,00 a 01,00 horas.
Sábado 26 de 11,00 a 14,00 e de 17,00 a 01,00 horas.
Domingo 27 de 11,00 a 14,00 e de 17,00 a 23,00 horas.



3.- **ACCESOS:** Durante a celebración da recreación medieval na Cidade Vella só se permite o acceso dos vehículos debidamente autorizados e acreditados nas horas e polo percorrido que se estableza na autorización. Os horarios de entrada á Cidade Vella de residentes e reparto, durante os días de celebración da "XXIX Feira das Marabillas 2025", son de 24,00 a 11,00 e de 14,00 a 17,00 horas.

4.- **SERVIZOS XERAIS:** En todo momento existe libre acceso e circulación por todas as rúas e prazas de emerxencias, ambulancias, bombeiros, policía, protección civil etc. Durante a Feira das Marabillas funciona un servizo permanente de policía local, bombeiros, protección civil e ambulancia medicalizada ao dispor de visitantes e residentes situado na praza do Parrote (lateral de Capitanía).

Rogamos comuniquen ao servizo de atención á cidadanía (Tfno: 010) calquera circunstancia especial (traslados, mudanzas, vodas, asistencia médica etc.), prevista para eses días, co fin de coordinar e facilitar, na medida do posible, o acceso e circulación polo circuito da Feira.

Na Casa de Veeduría (Centro Cívico) pódese consultar información sobre a recreación medieval (programas, plan de autoprotección etc.).

5.- **ESTACIONAMENTO PARTICIPANTES:** No Paseo do alcalde Francisco Vázquez (zona de Hípica e Pelamios) habilitase un lugar específico, sinalizado e acoutado para o estacionamento dos vehículos dos participantes no evento fóra da zona de residentes.

6.- **SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXOS E LIMPEZA:** O luns 21 de xullo situáranse pola Cidade Vella contedores móbiles e o martes 22 de xullo ser pecharán algúns dos contedores soterrados. O luns 28 volven entrar en servizo os contedores soterrados.

Durante os días da Feira haberá un reforzo especial do servizo de limpeza e recollida.

Por todo o espazo do evento están colocadas papeleiras de cartón para o seu uso por parte de visitantes e residentes.

Unha vez acabada a Feira das Marabillas, e nos días seguintes, efectúase unha profunda limpeza da Cidade Vella por parte dos servizos correspondentes.



XXIX FEIRA DAS MARABILLAS

INFORMACIÓN GENERAL

1.- La "XXIX Feira das Marabillas 2025" se celebra del MIÉRCOLES 23 AL DOMINGO 27 DE JULIO 2025 (ambos inclusive). El domingo 20 de julio se coloca la decoración área de calles y plazas, el lunes 21 de julio se inicia el montaje en las distintas plazas y el martes 22 de julio se ubicarán los puestos por el resto de las calles del circuito. El desmontaje se inicia a partir de las 23,00 horas del domingo 27 de julio 2025.

2.- HORARIOS:

Miércoles 23 de 11,00 a 14,00 y de 17 a 24,00 horas.
Jueves 24 de 11,00 a 14,00 y de 17,00 a 1,00 horas.
Viernes 25 de 11,00 a 14,00 y de 17,00 a 01,00 horas.
Sábado 26 de 11,00 a 14,00 y de 17,00 a 01,00 horas.
Domingo 27 de 11,00 a 14,00 y de 17,00 a 23,00 horas.



3.- **ACCESOS:** Durante la celebración de la recreación medieval en la Ciudad Vieja sólo se permite el acceso de los vehículos debidamente autorizados y acreditados en las horas y por el recorrido que se establezca en la autorización. Los horarios de entrada a la Ciudad Vieja de residentes y reparto, durante los días de celebración de la "XXIX Feira das Marabillas 2025", son de 24,00 a 11,00 y de 14,00 a 17,00 horas.

4.- **SERVICIOS GENERALES:** En todo momento existe libre acceso y circulación por todas las calles y plazas de emergencias, ambulancias, bomberos, policía, protección civil, etc. Durante la Feira das Marabillas funciona un servicio permanente de policía local, bomberos, protección civil y ambulancia medicalizada a disposición de visitantes y residentes ubicado en la plaza del Parrote (lateral de Capitanía).

Rogamos comuniquen al servicio de atención a la ciudadanía (Tfno.: 010) cualquier circunstancia especial (traslados, mudanzas, bodas, asistencia médica, etc.), prevista para esos días, con el fin de coordinar y facilitar, en la medida de lo posible, el acceso y circulación por el circuito de la Feira. En la Casa de Veeduría (Centro Cívico) se puede consultar información sobre la recreación medieval (programas, plan de autoprotección, etc.).

5.- **ESTACIONAMIENTO PARTICIPANTES:** En el Paseo del alcalde Francisco Vázquez (zona de Hípica y Pelamios) se habilita un lugar específico, señalizado y acotado para el estacionamiento de los vehículos de los participantes en el evento fuera de la zona de residentes.

6.- **SERVICIO DE RECOGIDA DE BASURAS Y LIMPIEZA:** El lunes 21 de julio se ubicarán por la Ciudad Vieja contenedores móviles y el martes 22 de julio se cerrarán algunos de los contenedores soterrados.

El lunes 28 vuelven a entrar en servicio los contenedores soterrados.

Durante los días de la Feira habrá un refuerzo especial del servicio de limpieza y recogida. Por todo el espacio del evento están colocadas papeleras de cartón para su uso por parte de visitantes y residentes. Una vez acabada la Feira das Marabillas, y en los días siguientes, se efectúa una profunda limpieza de la Ciudad Vieja por parte de los servicios correspondientes.